

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION O
DIA 26 DE XUÑO DE 2015**

Asistentes

SR. ALCALDE:

FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

CONCELLEIROS:

Polo BNG:

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ
BERNARDO VARELA LÓPEZ
MARIA ELENA SUÁREZ ESTEVEZ
MARIA TERESA DEVESA GRAÑA
ALBERTO CONDE RODRÍGUEZ
MARIA ISABEL POISA REY
FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO
RODRÍGUEZ
MANUEL CID PÉREZ

Polo PP:

LUZ DOPORTO REAL
JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ
MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ

Polo PSdeG-PSOE:

ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA

SECRETARIO:

Don Maximino Jardón Pedras

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Allariz, cando son as DEZANOVE HORAS E TRINTA MINUTOS (19:30) do día VINTESEIS de XUÑO do DOUS MIL QUINCE, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros á marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco García Suárez, a fin de celebrar unha sesión extraordinaria polo Pleno da Corporación.

Sen incidencias.

O Sr. Alcalde abriu formalmente a sesión do Pleno para tratar o seguintes asuntos:

ORDE DO DIA

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador acta da sesión de constitución da corporación celebrada o día 13 de xuño de 2015**
2. **Coñecemento das resolucións do Alcalde en materia de nomeamento de Tenentes de Alcalde, membros da Xunta de Goberno e delegacións efectuadas pola Alcaldía.**
3. **Constitución dos grupos políticos.**
4. **Creación e composición das comisións informativas permanentes.**
5. **Periodicidade das sesións ordinarias do Pleno.**
6. **Nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados que sexan da competencia do Pleno.**
7. **Determinación dos cargos con dedicación exclusiva.**
8. **REATUR,SA.- Constituído o pleno en xunta xeral da empresa municipal Reatur, SA, aprobación, se procede, da conta anual do exercicio 2014.**
9. **MEDIOAMBIENTAL ALARICANA, SL.- Constituído o pleno en xunta xeral da empresa municipal Medio Ambiental Allariz, SL, aprobación, se procede da conta anual do exercicio 2014.**

---***---

- 1.- **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador acta da sesión de constitución da corporación celebrada o día 13 de xuño de 2015**

Quedou aprobado sen modificación algunha pola unanimidade dos trece concelleiros que legalmente integran esta corporación local.

- 2.- **Coñecemento das resolucións do Alcalde en materia de nomeamento de Tenentes de Alcalde, membros da Xunta de Goberno e delegacións efectuadas pola Alcaldía.**

Seguidamente, o Pleno tomou razón dos seguintes Decretos dictados polo Alcalde, dos que previamente xa se informara aos grupos políticos na Xunta de Portavoces do día 22/06/2015.

2.1 Nomeamento de Tenentes de Alcalde.

DECRETO DA ALCALDÍA

Allariz, 19 de xuño de 2015.

De conformidade co disposto no artigo 46.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986 (ROF), RESOLVO:

Primeiro.- Nomear Tenentes de Alcalde aos concelleiros:
DONA M^a CRISTINA CID FERNÁNDEZ, 1^a tenente de alcalde.
DON BERNARDO VARELA LÓPEZ, 2^o tenente de alcalde.
DONA ELENA SUÁREZ ESTEVEZ, 3^a tenente de alcalde

Corresponde aos tenentes de alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e polo orde do seu nomeamento, ao alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a éste para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo alcalde.

Segundo.- Da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados e publicaráse no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade o día seguinte ao da presente resolución, conforme indica o artigo 46.1 do ROF.

Mándao e asíno o alcalde, e de todo isto como Secretario dou fe.

O Alcalde, asdo.: Francisco García Suárez

O SECRETARIO,

2.2 Membros da Xunta de Goberno.

DECRETO DO ALCALDE

Allariz, 19 de xuño de 2015

De conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 65 en relación co 61 da Lei do Parlamento de Galicia 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local; artigo 23, en relación co 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladoras das Bases do Réxime Local; e, 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986 (ROF), RESOLVO:

Primeiro.- Que, a Xunta de Goberno Local, presidida por min, como Alcalde, estará integrada por catro concelleiros, número non superior ao tercio do número legal dos mesmos, sendo os que a continuación se indican:

DONA M^a CRISTINA CID FERNÁNDEZ
DON BERNARDO VARELA LÓPEZ
DONA M^a ELENA SUÁREZ ESTEVEZ
DON ALBERTO CONDE RODRIGUEZ

Segundo.- A Xunta de Goberno Local terá asinadas as seguintes atribucións:

a) A asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións.

b) As atribucións que esta Alcaldía de forma expresa delega e que a continuación se expresan:

- Tomar razón dos escritos e comunicacións de carácter oficial que en cada caso lle dé conta o Alcalde e adoptar os acordos que correspondan.
- Autorización dos gastos e aprobación das facturas que correspondan ao normal desenvolvemento do Presuposto por importe superior a 3.000 EUROS, e aprobación das certificacións de obras por igual ou superior importe.
- En materia de contratación, as que a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, na súa Disposición Adicional Segunda, apartados 1 e 7, atribúe ao Alcalde.
- Aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente o Alcalde para a súa contratación ou concesión e estean previstos no Presuposto.
- A aprobación dos Padróns Fiscais ou listas cobratorias fixando os períodos de cobro en período voluntario.
- As licencias urbanísticas descritas no artigo 194 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e protección do medio rural de Galicia, salvo cando teñan a consideración de obras menores.
- A concesión ou denegación das prórrogas das licencias de obras maiores.
- O informe preceptivo dos expedientes das autorizacións autonómicas en solo rústico ás que se refire o artigo 41 da Lei 9/2002 sempre e cando a licenza urbanística non teña a consideración de obra menor.
- O informe razoado do concello sobre a incidencia ambiental das actividades no ámbito local e sobre o resultado da información pública practicada, no procedemento de avaliación de incidencia ambiental regulado polo Decreto 133/2008, de 12 de xuño (DOG de 1 de xullo de 2008), ou no que legal ou regulamentariamente o substitúa.
- A concesión das licencias de instalación e/ou apertura do establecemento, incluídas as de traspaso e cambio de titularidade.
- Licencias de apertura ao público de locais ou recintos e a entrada en funcionamento das instalacións destinadas a espectáculos ou actividades recreativas, así como o seu traspaso ou cambio de titularidade.
- Concesión ou denegación do dereito de vado.

c) As que lle atribúan as leis.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva o vindeiro día 1 de xullo ás 13,00 horas, de conformidade co disposto no artigo 112.1 do ROF, e celebrará dúas sesións ordinarias ó mes, o primeiro martes de cada quincena, coa excepción do mes de agosto. Se o día de celebración cadra festivo, trasládase ó seguinte hábil.

Cuarto.- Da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia,

sen prexuízo da súa efectividade o día seguinte ao da presente resolución, conforme indica o artigo 52.4 en relación co 46.1, do ROF.

Mándao e asíno o alcalde, e de todo isto como Secretario dou fe.

O Alcalde, asdo.: Francisco García Suárez

O SECRETARIO,

2.3 Delegacións efectuadas pola Alcaldía.

DECRETO DA ALCALDÍA

Allariz, 19 de xuño de 2015.

D. FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ, Alcalde-Presidente do Concello de Allariz, de conformidade co disposto no artigo 43 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986 (ROF), RESOLVO:

Primeiro.- Outorgar delegacións especiais para a xestión de determinados servicios ou áreas a favor dos concelleiros que se citan:

NOME E APELIDOS	ÁREA OU CONCELLERÍA
Dona M ^a Cristina Cid Fernández	Promoción Económica
Dona María Isabel Poisa Rey	Benestar Social
Don Bernardo Varela López	Medioambiente e Participación Social
Dona M ^a Elena Suárez Estevez	Servizos Municipais (Deportes, Alumeado Público e Transportes).
Dona M ^a Teresa Devesa Graña	Cultura e Normalización Lingüística
Don Manuel Cid Pérez	Urbanismo, Persoal e Educación.
Don Alberto Conde Rodriguez	Facenda, Museos e Coordinación Programacións
Francisco Alejandro Piñeiro Losada	Mocidade

Segundo.- A delegación comprende a dirección interna e a xestión dos servicios correspondentes, incluída a proposta de gastos, elaboración de proxectos e programas de actuación conforme ás directrices establecidas polo Alcalde, pero non inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Terceiro.- Da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade o día seguinte ao da presente resolución, conforme indica o artigo 44.2 do ROF.

Mándao e asínoa o alcalde, e de todo isto como Secretario dou fe.

O Alcalde, asdo.: Francisco García Suárez

O SECRETARIO,

3.- Constitución dos grupos políticos.

De conformidade cos escritos que obran na Secretaría, dirixidos ao Presidente e que están subscritos por todos e cada un dos concelleiros, en cumprimento do disposto no artigo 23 e ss. do Regulamento do Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), o Pleno tomou razón da constitución dos seguintes grupos políticos e da designación dos seus portavoces:

3.1 Os concelleiros do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) quedan constituídos como grupo político coa denominación de **Grupo Municipal do BNG**, coa seguinte composición e portavoces:

a) Integrantes:

- 1 DON FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ
- 2 DONA MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ
- 3 DON BERNARDO VARELA LÓPEZ
- 4 DONA MARIA ELENA SUÁREZ ESTEVEZ
- 5 DONA MARIA TERESA DEVESA GRAÑA
- 6 ALBERTO CONDE RODRÍGUEZ
- 7 MARIA ISABEL POISA REY
- 8 DON FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO LOSADA
- 9 DON MANUEL CID PÉREZ

b) Portavoces:

DONA MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ, titular.
DON BERNARDO VARELA LÓPEZ, suplente 1º.
DONA MARIA ELENA SUÁREZ ESTEVZ, suplente 2º.

3.2 Os concelleiros do PARTIDO POPULAR (PP), quedan constituídos como grupo político coa denominación de **Grupo Municipal Popular** (PP) coa seguinte composición e portavoces:

a) Integrantes:

- 1 DONA LUZ DOPORTO REAL
- 2 DON JOSÉ DANIEL DODICIO PÉREZ
- 3 MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ

b) Portavoces:

DONA LUZ DOPORTO REAL, titular.

DON JOSÉ DANIEL DODICIO PÉREZ, suplente 1º.

MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ, suplente 2º.

3.3 A concelleira do **PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL (PSdeG-PSOE)**, queda constituída como grupo político coa denominación de **PSdeG-PSOE**, coa seguinte composición e portavoz:

ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA

4.- Creación e composición das comisións informativas permanentes.

En relación con iste asunto, tal como xa se informara na Xunta de Portavoces do día 22/06/15, explica o Alcalde, pretendese estruturar as comisións informativas en tres grupos de traballo que se corresponden coas grandes áreas de servizos da Corporación cunha composición de cinco membros que responde a un criterio de proporcionalidade, pero mantendo a necesaria axilidade e funcionalidade destes órganos complementarios.

Atendido que os asuntos que han de someterse á decisión do Pleno teñen que ir debidamente estudados e dictaminados previamente polas correspondentes Comisións constituídas polos membros dos dous grupos políticos da Corporación;

Considerando as materias e asuntos que poden someterse á decisión do Pleno;

Vistos os escritos asinados polos Portavoces dos tres grupos políticos representados na Corporación, BNG, PP e PSdeG-PSOE;

Vistos os artigos 38, 123 e ss., 127 e 134 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), así como o 66, 67 e 68 da Lei do Parlamento de Galicia 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local;

O Pleno, pola unanimidade dos trece concelleiros que legalmente integran esta Corporación local, ACORDA:

Primeiro.- Crear as seguintes comisións de estudo, informe e consulta, integradas por membros dos tres grupos políticos presentes na Corporación, cunha representatividade proporcional de dous (2) concelleiros polo BNG, un (1) polo PP e un (1) polo PSdeG-PSOE, sendo o Alcalde, presidente nato de cada unha delas:

1.- COMISIÓN DE OBRAS E URBANISMO.

A.) Polo BNG:

Maria Cristina Cid Fernández

Manuel Cid Pérez

B.) Polo PP:

Titular: José Daniel Rodicio Pérez

Suplente 1º: Luz Doporto Real
Suplente 2º Maria del Carmen Pérez González

C.) Polo PSdeG-PSOE:

Zaida Auxiliadora Rodriguez Camba

2.- COMISIÓN DE FACENDA, PERSOAL E RÉXIME INTERIOR.

A.) Polo BNG:

Alberto Conde Rodriguez
Bernardo Varela López

B.) Polo PP:

Titular: Luz Doporto Real
Suplente 1º: Maria del Carmen Pérez González
Suplente 2º José Daniel Rodicio Pérez

C.) Polo PSdeG-PSOE:

Zaida Auxiliadora Rodriguez Camba

3.- COMISIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS

A.) Polo BNG:

Maria Cristina Cid Fernández
Maria Elena Suárez Estévez

B.) Polo PP:

Titular: Maria del Carmen Pérez González
Suplente 1º: Luz Doporto Real
Suplente 2º José Daniel Rodicio Pérez

C.) Polo PSdeG-PSOE:

Zaida Auxiliadora Rodriguez Camba

Segundo.- A comisión de Facenda, Persoal e Réxime Interior actuará, igualmente, como Comisión Especial de Contas realizando, como tal, o examen, estudio e informe da conta xeral e das demais contas anuais.

Terceiro.- As comisións, segundo a materia ou asunto que deba decidir o Pleno, celebrarán sesións ordinarias con periodicidade mensual, nas datas e horas que estableza o Alcalde ou o seu respectivo Presidente.

5.- Periodicidade das sesións ordinarias do Pleno.

De conformidade coa proposta da alcaldía de data 22 de xuño de 2015,

En atención á propia natureza xurídica do Pleno da Corporación, órgano de expresión e debate da política municipal e, para facilitar a súa tarefa de control dos demais órganos da Corporación;

Vistos os artigos 38 e 72 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF);

O Pleno, pola unanimidade dos trece concelleiros que legalmente integran esta Corporación local, ACORDA:

Primeiro.- O Pleno da Corporación celebrará sesión ordinaria cada mes, coa excepción dos meses de agosto e decembro.

Segundo.- A sesión terá lugar o último venres do mes. Se este día cadra festivo, trasládase ao seguinte día hábil.

6.- Nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados que sexan da competencia do Pleno.

Da conta da conta da proposta o propio Alcalde.

Polo grupo municipal de Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, anuncia que vai votar en contra destes nomeamentos especialmente pola composición do consello de administración da empresa Reatur, SA, en atención ás circunstancias acaecidas durante o pasado ano. Daquela, o seu grupo, e tamén en anteriores ocasións, viña pedindo con insistencia información sobre a vinculación xurídica de dona Cristina Cid Fernández coa empresa pública e non se deu información. Ao final chegouse á conclusión de que era unha asalariada máis da empresa e estivo incorrendo en incompatibilidade, e aínda que se informara en contra por parte da Secretaría Intervención, todos sabemos que foi unha auténtica incompatibilidade e despois se lle creou un espazo dentro do concello cunha adicación parcial saíndo da empresa. Por eso pensa que non é a persoa máis acaída para seguir ó fronte do consello de administración da empresa. Con respecto aos restantes nomeamentos nada que dicir.

A portavoz do PSdeG-PSOE, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, non fai uso do seu turno.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que hai que ser rigurosos á hora de facer afirmacións de que Cristina Cid Fernández formou parte do persoal laboral da empresa porque non é así. Mesmo houbo unha petición de información á Xunta Electoral Central que informou exactamente o contrario e mesmo temos dito que aínda sendo probablemente de maior interés persoal para a propia interesada ser persoal laboral da empresa, porque lle permitía ter un posto de traballo, con independencia da súa labor como concelleira, o lóxico é que sendo a empresa de capital 100 por 100 municipal o cargo na empresa debe ser en función da súa presenza e relación en función do seu mandato político, de modo que no momento en que cese no cargo de concelleira

cesa automaticamente na relación con Reatur. O cal é ben coñecido e así figura na conta de empresa do 2014. Para que non houbera dúbidas ao respecto recoñeceuselle a adicación parcial. Por outra parte, é lóxico, sinala, que a responsable da área de promoción económica teña que estar no consello de administración da empresa municipal xa que leva fundamentalmente as actividades económicas do concello (camping, hípica, baixos comerciais dos outlets, ...) e non hai ningunha razón para que deixe de estar ó fronte de Reatur. Daquela, non quedou dúbida algunha de que entre o interés particular da concelleira e o público da corporación sobre a presenza de Cristina Cid, prevalecía o da corporación; non só non houbo afán algún de ter ningún tipo de prevenda, mais ben ó contrario: quedou absolutamente claro e contundente que a súa presenza en Reatur era en función da súa pertenza á corporación municipal, o día que deixe de ser cargo electo, deixará de ter vinculación con Reatur.

Polo exposto,

Vista a proposta da alcaldía de data 19/06/2015;

O Pleno, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables do BNG (9) e PSdeG-PSOE (1), co voto en contra do PP (3), ACORDA:

PRIMEIRO. Nomear aos concelleiros que se indican a continuación para representar ao Concello nos órganos colexiados e empresas mercantís con dereito a representación municipal:

1. Consellos escolares
MANUEL CID PÉREZ, Titular. MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ

2. Para o Consello de Administración da empresa REATUR, SA.
Mª CRISTINA CID FERNÁNDEZ BERNARDO VARELA LÓPEZ FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

3. Para o Consello de Administración da empresa MEDIO AMIENTAL ALARICANA, SL.
BERNARDO VARELA LÓPEZ

4. Para o Consello de Administración da empresa TANATORIO DE ALLARIZ, SA.
MANUEL CID PÉREZ Mª ELENA SUÁREZ ESTEVEZ

SEGUNDO. Dispor o cesamento dos representantes nomeados polo pleno desta Coporación na sesión do 29 de XUÍO de 2011 ou posteriores.

7.- Determinación dos cargos con dedicación exclusiva.

Sinala o Alcalde, tal como xa se explicou na Xunta de Portavoces que, dadas as características que ten a xestión municipal no concello de Allariz no que todos os servizos municipais, salvo auga e abastecemento, son xestionados directamente polo concello, cunha carga de persoal moi significativa, como é o caso das áreas de promoción económica ou, particularmente, a de deportes, que conta cunha piscina climatizada con 900 aboados, 15 traballadores, e que move uns 300 mil euros anuais, e que lóxicamente non se poderían xestionar sen unha adicación específica dos concelleiros responsabeis destas áreas, que son os equivalentes aos xerentes das empresas que xestionan servizos municipais similares externalizados. A proposta mantén as 4 adicacións xa existentes no anterior mandato, unha exclusiva e tres parciais, que contan coa correspondente cobertura orzamentaria e coas mesmas cuantías. A normativa vixente establece que en concellos de 5 a 10 mil habitantes pode haber ata tres adicacións exclusivas, con 45.000 euros de remuneración como máximo, e unha praza de persoal eventual. O concello de Allariz viña mantendo unha estrutura inferior aos máximos legais permitidos e mantena nos mesmos termos: unha adicación exclusiva para o Alcalde cunha retribución bruta anual de 39.000 euros; unha adicación parcial para a área de promoción económica cunha retribución bruta anual de 24.000 euros (1.380 euros netos mensuais) e dúas adicacións parciais do 70% para as áreas de medio ambiente e área de servizos municipais, de 15.000 euros anuais en salario bruto cada unha delas (900 euros netos mensuais), o cal, considera o Alcalde, son acordes coas responsabilidades que asume cada un dos concelleiros, acordes co grao de adicación e co escenario de retribucións salariais, e mesmo teñen evolucionado de acordo coas normativas que o Goberno ten ido aprobando. Así, no seu día tamén asumiron a perda da paga extra imposta aos empregados públicos, aínda que non tiveran obriga de asumila fíxose en solidariedade coas restricións acordadas. En definitiva, as adicacións, exclusiva e parciais, teñen que ver coa idea que ten o BNG da xestión municipal, xestión directa dos servizos, e ao mesmo tempo tamén cunha dignificación da política desde unha perspectiva de salarios comedidos e tamén acordes co contexto socioeconómico no que nos movemos e tamén dentro dos límites legais. Recordamos tamén que se manterán as asignacións previstas no orzamento para os grupos municipais e mesmo as indemnizacións por asistencia ás sesións plenarios.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doperto Real, sinala que lles xenera un pouco de confusión a adicación parcial do concelleiro Bernardo Varela no senso de que, sendo concelleiro de medio ambiente, aparece na relación como concelleiro de servizos sociais, seguramente como un erro de transcripción, se é así, que se corrixa. Recoñece que as cuantías das adicacións parciais, vistas particularmente cada unha delas, non son elevadas, son soldos bastante comedidos, afirma, os 900 euros mensuais os gañan con creces os concelleiros, sinala a portavoz, eso non o discute o seu grupo, pero si quere dicir que en algo hai que empezar a apretarse o cinto porque os resultados os reflicten todos os anos as contas xerais: o concello está nunha situación complicada, a conta xeral do 2014, da que xa ten coñecemento, o proba, e outros concellos como son os de Verín ou mesmo O Barco de Valdeorras nos que as adicacións exclusivas ascenden a 42.800 euros (Verín) e 61.000 euros (O Barco), mentras que en Allariz ascenden a 94.000 euros. Con independencia de que os soldos non sexan desorbitados hai que empezar a pensar en cómo reducir estas adicacións exclusivas e adicarnos un pouquiño mais ao concello dunha maneira mais altruista porque as contas non están permitindo manter o nivel de gasto en adicacións exclusivas, e tamén estaría disposta a rebaixar se fose necesario a asignacións aos grupos e demais. Sería algo que se podería negociar. Recoñece que eiquí ninguén se está enriquecendo porque o que eiquí se presenta, así é. Pero tamén quedan dúbidas de por qué agora mesmo a Bernardo Varela, que tiña un emprego a través da Fundación Ramón González Ferreiro, agora se lle pasa a recoñecer esta adicación exclusiva, co cal xa non sabe se a parte que non percibe do concello a vai percibir da Fundación. Tamén quedan lagoas entre a relación do concello/Fundación e Mediasa sobre o que se fai ou non se fai, qué está pasando no Rexo coa explotación do queixo, coas cabras e demais. Se ben se debatirá sobre isto en setembro, con

motivo da aprobación das contas anuais, porque é unha empresa [Medialsa] que non parece ter actividade, cando todo o mundo coñece que ten unha explotación en O Rexo (O Alcalde recordalle á concelleira que estamos a falar das adicacións exclusivas). Considera a portavoz que hai un *totun revolutun* que nunca acaba de quedar claro, e para o seu grupo neste caso lles pasa como pasaba entón coa vinculación xurídica de Reatur e Cristina Cid Fernández que non se sabe moi ben qué pasa. A empresa tería que ter uns beneficios pola venda dos queixos, pero os ingresos non entran nas arcas do concello, e entre uns e outros, empresa e Fundación, é unha vía de escape fantástica para non saber exactamente qué se está a facer na empresa de medio ambiente nin o que se está a xestionar en O Rexo. Por todo elo, e se ben admite que as cuantías non son elevadas individualmente, sen embargo de acordo coas que hai noutros concellos como os citados, Verín e O Barco, cree que a diferenza é moi substancial tendo Allariz 6.000 habitantes fronte aos que teñen os concellos citados, de moita mais poboación, pero cun gasto en adicacións máis baixo, e en algo hai que apretarse o cinto, cando as contas do 2014 arrojan un déficit de tesourería de -500 mil euros, outra vez; vai haber problemas para poder pagar os préstamos, a partir de 2016, e mesmo había un informe da secretaría-intervención que o puña de manifesto.

Apretarse o cinto empeza a ser unha necesidade, non unha suxerencia, e admitindo que non se está a falar de grandes soldos e recoñecendo que ningún concelleiro se vai enriquecer cobrando 900 euros ó mes, e máis sabendo que a adicación dalgunha das persoas ao concello tamén é importante, e tamén se lle recoñece, tanto en eventos, como en deportes como en medio ambiente. Non quere que se entenda como unha crítica a Bernardo Varela, senón que a súa actividade sempre estivo como dispersa a través de demasiadas cousas o cal ofrece un panorama pouco claro e transparente con respecto ás paredes de cristal ás que o Alcalde se ten referido en ocasións, pero que brillan pola súa ausencia nestes casos. Que se expliquen estas vinculacións entre a Fundación, a empresa municipal Medialsa, qué vai ocorrer con esta empresa que presuntamente non tivo actividade.

Polo grupo do PsdeG-PSOE, a súa concelleira, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, sinala que quere facer unha puntualización: xa que acaba de incorporarse como concelleira, gustaríalle informarse sobre as retribucións mensuais e anuais no resto de concellos similares. Admite que as que se propoñen en Allariz non son como para enriquecerse, como xa se dixo, pero, antes de pronunciarse, quere informarse sobre as retribucións que se están a aprobar en concellos similares.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que, en relación ás cuestións que se suscitaron no debate, seguramente coinciden todos en que os queixos sí están moi bos, pero non deberían mezclarse os queixos con Medialsa. Os queixos prodúceos a Fundación Ramón González Ferreiro a través dunha sociedade establecida co concello de Allariz, denominada Educagro, na que o concello ten o 12%, que nada ten que ver coas remuneracións municipais. Ten que ver co traballo que Bernardo Varela viña desempeñando cando chegou a Allariz, que por outra parte primeiro veu a esa explotación e despois foi concelleiro. Él empezou a traballar na Fundación Ramón González Ferreiro e despois incorporouse ao concello como concelleiro sen retribución algunha; agora empezará a cobrar por parte do concello un 70% do seu salario en base a que, ademais de ter o seu teléfono encendido a todas as horas do día a disposición do concello, hai unha adicación que non fai compatible a adicación ás labores do concello coas que ten que adicar á Fundación, e polo tanto queda claro e transparente que para o concello vai adicar unha xornada dun 70% e un 30% para a Fundación Ramón González Ferreiro que é onde ten o seu posto de traballo. Sobre a consideración de hai que apretarse o cinto, afirma que o concello lévase apretado o cinto dende fai moito tempo, mesmo houbo concellos nos que tiveron que facer rebaixas de salarios, eiquí, tanto en época de bonanza como agora, véñense mantendo os mesmos salarios que se tiñan daquela, unicamente coa redución en horas de traballo negociadas cos propios traballadores, permanecendo intacta a plantilla despois da retirada de subvencións por parte da Xunta de Galicia. E con respecto aos concelleiros, as adicacións parciais viron reducida a súa adicación nun 70%, as

concelleiras Elena Suárez e anteriormente Pilar Galego, que se siguen mantendo na actualidade. A diferenza substancial con respecto a outros concellos é que, en Allariz, non hai unha empresa privada que xestione os servizos municipais, eiqú faise directamente, o cal implica moita implicación e esixencia; se non fora así, habería que ir a outro modelo de xestión dos servizos públicos que entrañaría a privatización, que o goberno municipal non admite, porque parte do crecemento que ten tido Allariz, ten que ver con este modelo de funcionamento.

Con respecto ás asignacións aos grupos políticos, igual que as indemnizacións por asistencia ás sesións plenarias son bastante ponderadas, pero un mínimo de retribución ten que ver coa necesaria dignificación da actividade política.

Polo exposto,

O Pleno, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables do BNG (9), co voto en contra do PP (3) e coa abstención do PSdeG-PSOE (1) , ACORDA aprobar a seguinte resolución:

DECRETO DO ALCALDE

Allariz, 13 de xuño de 2015

ASUNTO: Relación de cargos da Corporación con dedicación exclusiva.

En cumprimento do disposto no artigo 13 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF); artigo 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), tendo en conta a nova redacción establecida mediante Lei 11/99, de 21 de abril; e artigo 225 da Lei do Parlamento de Galicia 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local, esta alcaldía RESOLVE:

Polos motivos exposto, elévase ao Pleno a a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Establecer os cargos da corporación con dedicación exclusiva a D. FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ, Alcalde-Presidente, polo exercicio das labores propias do seu cargo, cunha cunha retribución bruta anual de 39.326,28 euros, que se percibirán en catorce pagas de 2.809,02 euros de retribución bruta mensual, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, dándosele de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

Segundo. Recoñecer a D^a MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ, 1^a Tte. de Alcalde e concelleira de promoción económica, unha adicación parcial do 75% para o desempeño das funcións propias do seu cargo cunha retribución bruta anual de 24.613,82 euros, que se percibirán en catorce pagas de 1.758,13 euros de retribución bruta mensual, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, dándosele de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

Terceiro. Recoñecer a D. BERNARDO VARELA LÓPEZ, 2^o Tte. de Alcalde e concelleiro de medio ambiente e participación social, unha adicación parcial do 70% para o desempeño das funcións propias do seu cargo cunha retribución bruta anual de 15.092,84 euros, que se percibirán en catorce pagas de 1.078,06 euros de retribución bruta mensual, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, dándosele de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

Cuarto. Recoñecer a D^a.MARIA ELENA SUÁREZ ESTEVEZ, 3^a Tte. de Alcalde e concelleira de servizos municipais (deportes, alumeado publico e transportes), unha adicación parcial do 70% para o desempeño das funcións propias do seu cargo cunha retribución bruta anual de 15.092,84 euros, que se percibirán en catorce pagas de 1.078,06 euros de retribución bruta mensual, doce 14orrespondents ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes 14orrespondents ás mensualidades de xuño e decembro, dándoselle de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

CADRO RESULTANTE

Nome e apelidos	Cargo	Funcións	Retribución bruta mensual (14 pagas)	Retribución bruta anual
FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ	ALCALDE	Labores propias do cargo	2.809,02	39.326,28

2. ADICACIÓNS PARCIAIS (75%)

Nome e apelidos	Cargo	Funcións	Retribución bruta mensual (14 pagas)	Retribución bruta anual
MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ	1 ^a Tte de Alcalde Conseleira de Promoción Económica	Labores propias do cargo	1.758,13	24.613,82

2. ADICACIÓNS PARCIAIS (70%)

Nome e apelidos	Cargo	Funcións	Retribución bruta mensual (14 pagas)	Retribución bruta anual
BERNARDO VARELA LÓPEZ	2 ^o Tte de Alcalde Conseleiro de Medio Ambiente e participación Social.	Labores propias do cargo	1.078,06	15.092,84
MARIA ELENA SUÁREZ ESTEVEZ	3 ^a Tte de Alcalde Conceleira de Servizos Municipais (Deportes, alumeado público)	Labores propias do cargo	1.078,06	15.092,84

Quinto. Que se publique no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do concello de Allariz de forma íntegra o presente acordo, aos efectos do seu xeral coñecemento.

8.- REATUR,SA.- Constituído o pleno en xunta xeral da empresa municipal Reatur, SA, aprobación, se procede, da conta anual do exercicio 2014.

Da conta a concelleira de Promoción Económica, Cristina Cid Fernández, sinalando que, sen prexuízo de que esta conta tamén se aprobará xunto coa conta xeral do concello por ser parte dela, nesta ocasión correspóndelle á Xunta Xeral da Empresa prestar a súa aprobación con carácter previo antes do 30 de xuño. Polo tanto, informa que o importe da cifra de negocio de Reatur no ano 2014 foi de 313.581 euros; que a actividade ordinaria ascenda 207.103,20 euros e a actividade de alugueres, a 106.448 euros. A actividade de camping superou os 45.000 euros; a de hípica, os 44.000 euros; a de cafería, os 50.000 euros, e, en excursións, estase cerca de chegar aos 50.000 euros. Hai unha redución importante nas contas de gastos de persoal ata cerca dos 128.000 euros, e seguirase reducindo no 2015 ó ter que amortizarse algún posto de traballo, en liña co reaxuste que tamén se está producindo no concello. O resultado, antes de amortización é de 35.345 euros positivos e despois da amortización, 2.792,11 euros. Reatur, SA está amortizando os préstamos que agora ten pendentes co Banco Gallego, Abanca e con La Caixa.

Explica a concelleira, sobre todo para os concelleiros que acaban de incorporarse á nova corporación, que Reatur creou todas as infraestructuras públicas que ten cun capital

social no mínimo legal e polo tanto todas as súas infraestructuras fixéronse cos préstamos que se están amortizando. O cadro de persoal no 2014 foi de 6 persoas mais 2 de reforzo nos meses de verán para a cafetería e limpeza. Independentemente destas cifras, sinala a concelleira, o mais salientable da empresa é que sigue mantendo unha cifra de negocio por encima dos 300.000 euros, e sigue cumprindo o obxectivo co que naceu que é o da dinamización económica de Allariz en base a un proxecto turístico que significara dinamización económica creando postos de traballos directos e indirectos, e cree que Reatur ten contribuído moi decisivamente a este obxectivo, xa que son miles de persoas as que anualmente utilizan as instalacións de Reatur e provocan dinamización económica en todo o termo municipal. Por eso, a pesar de ser consciente de hai que seguir facendo axustens para millorar a empresa, e nistes últimos anos fixéronse, hai que seguir apoiando a esta empresa municipal polo moito que contribúe á dinamización económica de Allariz.

Polo grupo municipal de Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, sinala que como a conta de Reatur forma parte da conta xeral do concello que vai ter o seu propio debate será entón cando se faga tamén o debate da conta desta empresa. De todos xeitos quere sinala quena páxina 17 da memoria que se acompaña, en relación co persoal debería estar desglosado o cadro de persoal ao que fixo referencia a concelleira de promoción económica para non ter dificultades no Rexistro Mercantil cando se presenten as contas xa que seguramente é un erro.

Por parte do grupo municipal do PsdeG-PSOE non hai intervención.

Polo exposto,

O Pleno, constituído en Xunta Xeral de Reatur S.A., acorda, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables do BNG (9), co voto en contra do PP (3) e coa abstención do PSdeG-PSOE, aprobar as seguintes propostas:

PRIMEIRO. Nomear Presidente e Secretario da Xunta Xeral de REATUR, SA., empresa de capital integramente municipal:

Presidente: Francisco García Suárez, Alcalde.

Secretaría: María Cristina Cid Fernández, Conselleira de Promoción Económica.

SEGUNDO. Aprobar as contas anuais correspondentes ao exercicio 2014, pechado o 31 de decembro de 2014.

TERCEIRO. Aplicar o resultado nos seguintes termos:

<i>BASE DE REPARTO</i>	<i>2014</i>
<i>Perdas e ganancias</i>	<i>2.792,11</i>

CUARTO. A sociedade cumpre as condicións para formular as contas anuais de forma abreviada por concorrer as seguintes circunstancias durante os dous últimos exercicios:

BALANCE E ECPN ABREVIADO

	<i>Límite</i>	<i>2013</i>	<i>2014</i>
<i>Cifra anual de negocios</i>	<i>5.700.000,00</i>	<i>210.637,40</i>	<i>207.133,20</i>
<i>Total activo do Balance</i>	<i>2.850.000,00</i>	<i>2.208.170,71</i>	<i>2.219.466,68</i>

Nº medio de traballadores	50,00	7	7,3

PERDAS E GANANCIAS ABREVIADO

	<i>Límite</i>	<i>2013</i>	<i>2014</i>
<i>Cifra anual de negocios</i>	<i>22.800.000,00</i>	<i>210.637,40</i>	<i>207.133,20</i>
<i>Total activo do Balance</i>	<i>11.400.000,00</i>	<i>2.208.170,71</i>	<i>2.219.466,68</i>
<i>Nº medio de traballadores</i>	<i>250</i>	<i>7</i>	<i>7,3</i>

QUINTO. As Contas Anuais do exercicio 2014, foron aprobadas polo Pleno da Corporación local, constituído en Xunta Xeral o 26 de xuño de 2015 e que constan de 32 páxinas, cuxos exemplares se achegan á presente certificación en soporte magnético. Os devanditos documentos non foron sometidos a verificación de auditor, conforme o artigo 263.2 do RD Lexislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital.

SEXTO. Facultar á Conselleira Delegada da entidade, Da. MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ, para que compareza no Rexistro Mercantil e formalice as rendicións e declaracións das contas oportunamente.

9.- MEDIOAMBIENTAL ALARICANA, SL.- Constituído o pleno en xunta xeral da empresa municipal Medio Ambiental Allariz, SL, aprobación, se procede da conta anual do exercicio 2014.

Da conta o concelleiro de medio ambiente, Bernardo Varela López, sinalando que, antes de nada convén aclarar o obxecto social da empresa que nada ten que ver coa Granxa Agroeducativa, SL que é quen produce os queixos e quen ten ovellas. Medio Ambiental Alaricana tiña por obxecto realizar desbroces, e tamén no seu momento tivo unha explotación de cabras, e tiña tamén a escola de cestería municipal, que xa non ten, que funciona en base a unha autoxestión sen ter nin custes nin ingresos para o propio concello, mentras que a explotación de gando que había en Queiroás, fai dou anos cando se reduciron substancialmente as axudas do CES (contrato de explotacións sustentables) houbo que pechala porque non era sostible. Por estes motivos, Medio Ambiental Alaricana presenta uhas contas de tan só 1.227 euros de ingresos, que son resultado da venda dos dereitos que a empresa tiña a través da PAC e que serviron para compensar pérdas de exercicios anteriores. Medio Ambiental Alaricana, conclúe o concelleiro, segue sendo un instrumento útil para o caso de que se poideran reactivar proxectos municipais, mentras tanto non ten nin ingresos nin gastos.

Polo grupo municipal de Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, reitera que remite o debate sobre esta empresa ao debate da conta xeral do concello. Non obstante recorda que, teña ou non actividade, a empresa terá que devolver o préstamo que no seu momento lle fixo a Reatur.

Por parte do grupo municipal do PsdeG-PSOE a súa concelleira, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba sinala que como no exercicio 2014 non formaba parte da corporación vaise abster, como xa fixo en Reatur.

Polo exposto,

O Pleno, constituído en Xunta Xeral de Medioambiental Alaricana, SL., pola maioría absoluta legal, cos votos favorables do BNG (9), co voto en contra do PP (3) e coa abstención do PsdeG-PSOE, aprobar as seguintes propostas:

PRIMEIRO. Nomear Presidente e Secretario da Xunta Xeral de MEDIOAMBIENTAL ALARICANA S.L, empresa de capital integramente municipal:

Presidente: Francisco García Suárez, Alcalde.

Secretaria: M^a Cristina Cid Fernández, Concelleira de Promoción Económica

SEGUNDO. Aprobar as contas anuais correspondentes ao exercicio 2014 pechado o 31 de decembro de 2014.

TERCEIRO. Aplicar o resultado nos seguintes termos:

BASE DE REPARTO	2014
Perdas e ganancias	1.227,15

CUARTO. A sociedade cumpre as condicións para formular as contas anuais de forma abreviada por concorrer as seguintes circunstancias durante os dous últimos exercicios:

BALANCE E ECPN ABREVIADO

	Límite	2013	2014
Cifra anual de negocios	5.700.000,00	15.398,21	1.500,00
Total activo do Balance	2.850.000,00	89.781,14	80.285,96
Nº medio de traballadores	50,00	1	0

PERDAS E GANANCAIS ABREVIADO

	Límite	2013	2014
Cifra anual de negocios	22.800.000,00	15.398,21	1.500,00
Total activo do Balance	11.400.000,00	89.781,14	80.285,96
Nº medio de traballadores	250	1	0

QUINTO. As Contas Anuais do exercicio 2014, foron aprobadas polo Pleno da Corporación local, constituído en Xunta Xeral o 26 de xuño de 2015 e que constan de 32 páxinas, cuxos exemplares se achegan á presente certificación en soporte magnético. Os devanditos documentos non foron sometidos a verificación de auditor, conforme o artigo 263.2 do RD Legislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital.

SEXTO. Facultar D. BERNARDO VARELA LÓPEZ, en calidade de Administrador Único da sociedade unipersonal pública, para que compareza no Rexistro Mercantil e formalice as rendicións e declaracións das contas oportunamente.

E non tendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás vinte horas e deza oito minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO